



CIRCULAR DE FIN DE CURSO

Estimadas familias:

Diante da fin deste convulso e extraordinario curso no que nos atopamos, convén ter en conta os seguintes aspectos importantes:

Avaliación, entrega de libros e entrevistas co profesorado

Cada titoría establecerá na web do centro o día e **horario tanto de entrega de libros de texto** (imprescindible para ter dereito ás axudas de libros) como de atención persoal. As notas publicaranse por Abalar Móbil o día 19. O prazo de reclamación rematará o 26 de xuño.

Alumnado de 6º curso de Ed. Primaria que promocione á ESO

As familias do alumnado de 6º curso deberán acudir persoalmente ao Centro o día 26, venres, para retirar o Historial Académico, e deberán asinar o recibín correspondente. En caso de imposibilidade pódese autorizar a recollida de dito documento a outra persoa adulta por escrito, indicando o DNI. Tamén se vos entregará o sobre de matrícula do IES Pastoriza e o boletín das notas.

Fondo solidario de libros de texto, axudas de material escolar e vales

Lembrede que 19 de xuño remata o prazo para a presentación de solicitudes de axudas, fondo solidario de libros de texto e material escolar para Educación Primaria. As listaxes tanto de beneficiarios coma de libros de texto para o curso escolar 2020-2021 publicaranse no taboleiro do centro.

O centro foi admitido no proxecto E-Dixgal, polo que o alumnado de 5º de primaria utilizará material dixital e non terá libros de texto o curso que vén. Para este alumnado só se tramitarán as axudas de material escolar.

No caso de ter dereito, **as datas de entrega dos vales correspondentes serán os días 6 e 7 de xullo**, en horario de 09:30 a 12:00 horas, na secretaría do centro. Para poder retiralo haberá que asinar un recibín persoalmente. No caso de imposibilidade pódese autorizar a recollida por escrito, a outra persoa adulta, indicando o DNI de ámbalas dúas, autorizante e autorizada. Lembrede que en caso de extravío non se expedirá outro vale. As modificacións publicaranse na páxina web do centro e/ou no taboleiro de anuncios do colexio. De xurdir algún problema alleo ao centro a entrega dos vales realizarase na primeira semana de setembro.

Comedor Escolar

No próximo curso está previsto que siga a funcionar o servizo de comedor escolar e madrugadores cun réxime similar ao pasado curso. Para mais información pregámosvos contactedes ca ANPA nos teléfonos 605 54 57 29 ou 619 28 03 91.

Comezo do próximo curso

O curso dará comezo o día 10 de setembro, organizado nun Plan de Inicio que será elaborado baixo as directrices das autoridades educativas e sanitarias e do que se informará.

Como despedida, aproveitamos para enviarnos o noso recoñecemento máis afectuoso por todo o que levades pasado nestes meses. Tamén queremos despedir con todo o cariño do mundo ao alumnado de sexto de primaria, desexándolle moita sorte na nova etapa que se iniciará en setembro. Tan só queda desexar moita saúde para todos. Que pasedes un feliz verán